

Desnortados

Dunha xeira áspera e dura

FRANCISCO MARTÍNEZ BOUZAS

Do maxín e capacidade fabuladora de Xosé Fernández Ferreiro, e seguramente tamén das súas propias experiencias vitais, chéganos esta nova entrega narrativa, *Tempo de ceiteo*. O escritor de Nogueira de Ramuín e membro fundador do grupo Brais Pinto é un autor prolífico e versátil, sobre todo nos eidos narrativos. Forxado nas ferreirías da lírica e do xornalismo, fixo a súa estreia no campo da narrativa coa peza que soe ser considerada a primeira novela galega do Oeste, *A morte de Frank González* (1975). Desde entón Fernández Ferreiro ten experimentado con moitos subxéneros e rexistros, desde a ciencia ficción e a novela psicolóxica ás narracións de ton memorialístico. Unha narrativa ampla e variada que sempre se singularizou pola seriedade e decoro da súa escrita.

Tempo de ceiteo sutírase dalgunha maneira coa narrativa do autor de tonalidade memorialística, inaugurada con *A ceo aberto*. Historias de xentes correntes que desenvolven o día a día das súas vidas anódinas na aspereza sufocante da cidade sen xamais poder fuxir dos engados, sen dúbida utópicos, da aldea da súa infancia, sobre to-

do naqueles duros tempos do ceiteo das décadas corenta e cincuenta do pasado século. A novela achéganos, en efecto, á adolescencia dun rapaz, fillo de quincalleiros, que chega a Ourense procedente do berce da súa aldea natal na compañía da súa nai a finais da década dos corenta. Naquel Ourense provinciano, pequeno e beato no que a sirena da Fundición Malingre esperta á cidade, ao rapaz tímido, pouco falangueiro e pesimista, cóstalle adaptarse. A aldea é para o protagonista o paradigma da felicidade, se ben o autor non a idealiza cos tópicos resabidos, facendo da mesma unha arcadia feliz. Na aldea a fame estaba sempre cabdo da porta e na hostilidade

panteísta do mundo rural viven pobres criaturas, sobre todo mulleres. Pouco a pouco porén o protagonista vai pousando na cidade, sostido polas súas dúas grandes paixóns: o amor platónico por unha rapaza e os engados do

cine. Un final no que sucede o que tiña que suceder, remata con todos os soños do protagonista, asolagados sen remedio.

Novela pois de aprendizaxe da vida dun desnortado nun tempo áspero e duro, que dá conta das experiencias iniciáticas, da educación sentimental nese tempo arraiaño entre a adolescencia e a idade adulta. Literatura sen trampa nin cartón, que non escamotea a verdadeira realidade de Galicia nos anos da fame. Libro de pouco colorido, de ceos anubrados, de historias case que sempre pesimistas, desenvolvidas, no plano técnico, cunha arquitectura sinxela e lineal e coa ferramenta dun estilo natural e diáfano, sen demasiados enfeites e adobios artificiais. Como foi sempre a escrita de Fernández Ferreiro.

FERNÁNDEZ FERREIRO,
Xosé, Tempo de ceiteo, Ed. Xerais, Vigo, 2009, PVP 16,50 €

